



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ACTA Nº 1 DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUN ADMINISTRATIVO INSCRITO NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL 2025

Zas, 3 de decembro de 2025

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de Zas, ás 9:30 horas, os integrantes do tribunal de selección para realizar unha proba selección para a contratación dun administrativo inscrito no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil entre as persoas enviadas pola Oficina de Emprego de Carballo, e que presentaron a documentación para participar en dito proceso selectivo, dacordo coas bases publicadas na sede electrónica municipal.

Presidente:

Titular: D. Isabel Outeiriño Sánchez, funcionaria do Concello de Zas

Secretario/a:

Titular: Dña. Mª Isabel Agra Pose, persoal laboral do Concello de Zas

Vogais:

Vogal 1: Dña. Susana Otero Pazos, funcionaria do Concello de Zas

Vogal 2: Dña. Angélica Pose Lema, funcionaria do Concello de Zas

Vogal 3: D. Fidel A. Otero Pazos, persoal laboral do Concello de Zas

Neste acto queda constituído o tribunal e continuación o tribunal decide sobre a elaboración do exame, que consistirá nunha proba escrita, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba de 20 preguntas tipo test, con 3 respostas alternativas, da que só unha será a correcta, puntuando cada pregunta 0,5 puntos. A valoración máxima é de 10 puntos, sendo eliminados todos aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 5 puntos. Para realizar dita proba disporán de 45 minutos.

A continuación e no mesmo acto realizarán unha proba de galego, aquelas persoas que non acreditaron o Celga4, que consistirá nun exame escrito tipo test de 10 preguntas con 2 respostas alternativas, sendo necesario responder ben a 5 preguntas para considerarse Apto.

Acto seguido, e sendo as 10:30 horas, a secretaria do tribunal realiza o chamamento das persoas que figuran na listaxe definitiva publicada, resultando o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4	PRESENTADO
ANDRADE FORMOSO UXIA MIN	***3401**	SI	SI
MARTIN PEREIRA ENEKO	***4393**	NON	SI
SOUTO REGO GERMÁN	***1145**	NON	SI

A continuación procédese a realizar a proba escrita, e as notas que se otorgan son as seguintes, incluíndo as notas da proba de galego:

NOME	PROBA TEÓRICO/PRACTICA	PROBA GALEGO	TOTAL
ANDRADE FORMOSO UXIA MIN	9	-----	9
MARTIN PEREIRA ENEKO	9	APTO	9
SOUTO REGO GERMÁN	7,5	APTO	7,5



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Tendo en conta o anteriores resultados, o tribunal concede o prazo de un día para posibles reclamacións.

Visto que se produce un empate, e no caso de que non se presente ningunha reclamación e persista o empate, dacordo co que se indica no Base 8ª das bases de convocatoria, realizarase un sorteo público que terá lugar o venres día 5 de decembro ás 10:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Zas.

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 12:30 horas, asinando os señores/as membros da Comisión de Valoración no lugar e datas sinalados.

A presidenta

Dña. Isabel Outeiriño Sánchez

A secretaria

Dª. María Isabel Agra Pose

Vogais

Dª Mª Susana Otero Pazos

Dña. Mª Angélica Pose Lema

D. Fidel A. Otero Pazos